

Diferenciación Curricular



Diferenciación curricular

A diferenciación curricular pretende e permite **atender a heteroxeneidade** do alumnado das aulas, xestionando as interaccións e promovendo a cooperación e co-ensinanza entre alumnado e profesorado..

Para **Carol Ann Tomlinson** é un intento de abordar a variación e a diferenza a través de **múltiples enfoques** que modifican a **instrución e o currículo** para **satisfacer as necesidades individuais** dos estudantes.





AULA DIFERENCIADA

AULA DIFERENCIADA

PRIORIDADES

Céntrase nos aspectos esenciais da área/ materia e a avaliación forma parte do propio proceso de e-a.

PARTICIPACIÓN

Todo o alumnado participa activamente, contemplando as diferenzas e aceptando a cada un/unha deles/as tal e como son.

ADAPTACIÓN

O proceso de e-a ten en conta as aptitudes, intereses e perfís do alumnado, logrando que todo o alumnado desenvolva o seu máximo potencial.

COOPERACIÓN

Profesorado e alumnado traballan xuntos brindándose axuda mutua para acadar obxectivos individuais e en equipo..

- NON é facer o mesmo en grupos homoxéneos máis pequenos.
- NON é indisciplina ou caos, senón movemento e comunicación na aula.
- NON é individualización, senón personalización da ensinanza.
- NON é unha finalidade, senón un medio para acadar a aprendizaxe.
- NON é unha recompensa, senón unha resposta axeitada á situación detectada na aula.

Que NON
é diferenciar?

- Proactividade.
- Dinamismo e fluidez.
- Calidade máis que cantidade.
- Centrarse no alumnado.
- Basearse na avaliación.
- Flexibilidade nos agrupamentos e tempos.
- Múltiples enfoques fronte ao que o alumnado aprende (contido), como aprende (proceso) e como amosa o que aprende (produtos).

Que é
diferenciar?



DIMENSIÓNS DA DIFERENCIACIÓN

RENZULLI e REIS

- Existen diferentes formas de ensinanza do profesorado?
- Planifícanse actividades que atendan aos diferentes intereses ritmos de traballo do alumnado?
- Hai actividades con distinto grao de axuda?
- Hai actividades para realizarse de xeito totalmente autónomo?
- Inclúense distintos procedementos e instrumentos de avaliación?
- Inclúense distintos momentos e axentes avaliadores?
- Preséntase unha secuencia flexible de traballo?
- Introdúcense actividades motivadoras da aprendizaxe?

**Proceso
diferenciado
ou non?**

PROCESO

Ensinanza

O estilo de ensino ten en conta os estilos de pensamentos e os ambientes de aprendizaxe preferidos do alumnado. O desenvolvemento da tarefa permite o xestión e axuste continuo, instaurando unha ensinanza flexible.

Empréganse instrumentos e procedementos variados, instaurados no desenvolvemento da tarefa e tendo en conta os estilos de pensamento do alumando. Avaliase en momentos diversos, entendendo o erro como oportunidade de aprendizaxe.

Avaliación

- Existen actividades simples e complexas?
- Empréganse fontes de información de distintos niveis de complexidade?
- Permítese o afondamento individual no contido?
- Permítese o afondamento grupal no contido?
- Foméntase a relación entre ideas, coñecementos e experiencias?
- Ofrécense preguntas de resposta pechada e aberta?
- Ofrécense cuestións ou problemas de final aberto?

**Contido
diferenciado
ou non?**

CONTIDO

Profundidade

Engadir profundidade ao currículo, centrándose nas estruturas de coñecemento, nos conceptos funcionais e nos métodos de investigación das disciplinas.

Competencia

Traballo dos contidos de xeito competencial.

Pensamento

Problemas e cuestións de final aberto que promovan o pensamento crítico e creativo.

- Existen produtos en diferente soporte ou estilo expresivo?
- Existen produtos de diferentes grao de dificultade de execución?
- Permítese a escolla do formato/canle da expresión do coñecemento?
- Admítese a presentación da información adaptada ao nivel individual?
- Preséntase a información ou coñecementos a distintas audiencias?
- Posibilítase a mellora das producións unha vez feitas?

**Produto
diferenciado
ou non?**

PRODUTO

Intereses

Proporcionar diferentes opcións en baseadas nos intereses do alumnado mellora a calidade dos produtos e o aumenta o desfrute na súa elaboración.

Flexibilidade

A posibilidade de escolla, a opción de mellora dos produtos ou a adaptación ás capacidades e estilos, xera maior compromiso co estudo, elaboración e traballo.

Estilos de expresión

A inclusión de múltiples e diversas formas de expresión mellora as habilidades comunicativas, animando ao alumnado a expresarse de múltiples xeitos.



- Existen diferentes tipos ou posibilidades de agrupamentos?
- Empréganse diferentes espazos ou localizacións ao longo da tarefa?
- Modifícanse os roles dos participantes no desenvolvementos da tarefa?
- Adáptanse os tempos ao alumnado e ao tipo de actividades?
- Os recursos materiais son variados, versátiles, auténticos, adaptados?
- Xérase un clima emocional divertido, emocionante e motivador?

**Contexto
diferenciado
ou non?**

CONTEXTO

Agrupamentos, tempos e materiais

Proporcionar diferentes tipos e posibilidade de agrupamentos, axustar e modificar os tempos de traballo segundo o alumnado ou as actividades e introducir recursos variados, funcionais, versátiles e auténticos, permite a creación dun contexto favorable para a aprendizaxe.

Precísase un ambiente de seguridade e confianza, onde o alumnado poda expresarse de xeito persoal e as diferencias se empreguen como potenciadoras das relacións e da aprendizaxe.

Clima emocional



Xacobeo 2021

- Adquire diferentes roles durante o desenvolvemento do traballo?
- Guía e orienta ao alumnado durante o proceso de ensino-aprendizaxe?
- Brinda apoio diferenciado a cada equipo ou alumno/a?
- Crea ou improvisa novos recursos e actividades durante a propia tarefa?
- Dinamiza e promove un clima emocional favorable para a aprendizaxe?
- Comparte as súas propias experiencias e intereses na aula?

**Docente
diferenciado
ou non?**

DOCENTE

Activador da aprendizaxe

O docente transfórmase nun provedor de situacións de aprendizaxe que promoven a interacción, a curiosidade e a implicación nas tarefas.

Compartir

O docente comparte as súas propias experiencias, intereses e fortalezas na aula e fóra dela, construíndo unha comunidade que avanza xunta.

Guía e orientador

O acompañamento ao alumando é constante e directo, proporcionando apoio e soporte na súa aprendizaxe e no desenvolvemento persoal das súas fortalezas e talentos.


IDEAS CLAVE

ENSINO-APRENDIZAXE

Ensinanza e avaliación formativa son inseparables, nun proceso dinámico e flexible no que todos os axentes participan.

DIVERSIDADE

As diferenzas entre o alumnado son asumidas incondicionalmente e determinando o punto de partida do deseño do proceso de ensino-aprendizaxe.



DIMENSIÓNS

Renzulli e Reis definen a diferenciación como unha estratexia que abrangue cinco dimensións: o contido, os procesos, os produtos, a organización e xestión da aula e o propio compromiso do mestre co fin de transformarse a si mesmo tanto en calidade de aprendiz coma de profesor.

A chave está na diferenciación





Grazas a todos e todas pola atención